



## CARTA ABERTA A MANUEL VÁZQUEZ

Sr. Vázquez:

Na APDR temos lido a entrevista publicada o pasado domingo polo Faro de Vigo e temos que dicir que concordamos con algunha das opinións que Vde. expresa verbo da problemática da presenza do complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán. Como Vde., estamos convencidos de que ENCE non ten a mais mínima intención de abandonar o seu emprazamento en Lourizán polas boas. De feito, estamos convencidos de que ENCE sigue pensando na posibilidade de permanecer na nosa Ría mais alá do 2018, e agarda poder seguir contando coa axuda das administracións para o conseguir; o certo é que de non ser pola presión social existente na zona –e da que en moi boa medida somos responsables na APDR– nin ENCE nin os partidos políticos que hoxe din apostar pola saída do complexo da Ría con anterioridade ao 2018 estaría a falar de tal posibilidade. ENCE só abandonará Lourizán si é obrigada a facelo e, nese caso, non quere saír coas mans valeiras. Houbo tempo para deixarlle as cousas claras ao respecto aos directivos da empresa e non se fixo; non o fixo ninguén coa suficiente responsabilidade no tema, e iso inclúe a Vde.

Tamén, como Vde., pensamos que o tempo de indemnizar a ENCE ten pasado; diríalle máis, nunca foi tempo de indemnizar a ENCE. Só a inacción dos distintos gobernos da Xunta fixo que moita xente acepte esa “indemnización” como un mal menor. Hoxe, como onte, é tempo de facer cumprir a Lei, e ENCE e ELNOSA seguen incumpríndoa porque o goberno da Xunta (o de hoxe coma o de onte) está mais preocupado por defender á empresa que por defender a legalidade. Á diferenza de Vde., nós non nos resignamos a agardar a que chegue o 2018. Nós imos seguir esixindo o peche inmediato e definitivo da actividade industrial en Lourizán. Imos seguir mobilizando á sociedade para evitar novos pasos atrás no saneamento e a recuperación da nosa Ría.

Ten razón tamén Vde. cando di que o actual goberno galego non ten tomado “decisións de calado” para evitar a permanencia do complexo en Lourizán, pero, sinceramente Sr. Vázquez: pensa que é Vde. a persoa mais indicada para facer esta crítica ao goberno do PP?. Vde., que foi Conselleiro de Medio Ambiente e que tampouco fixo nada por sacar ENCE-ELNOSA da nosa Ría? Vde. que, ademais, axudou a consolidar o complexo en Lourizán ao lle outorgar de xeito irregular e mesmo ilegal as Autorizacións Ambientais Integradas?. Tal e como argumentábamos nós daquela, recoñece Vde. agora que será difícil non renovarlas no 2011... Onde quedou aquela certeza que esgrimía Vde. ao dicir que a concesión das AAI ata o 2011 facilitaría a saída do complexo da Ría antes do 2018?.

Existe unha clara diferenza entre a nosa esixencia de saída de ENCE-ELNOSA da nosa Ría con anterioridade ao 2018 e a posición dos que, como Vde., como os partidos políticos que din estar nesta mesma posición. Mentres nós esiximos o peche definitivo e inmediato do complexo (levámolo facendo desde hai case 23 anos) porque esa decisión é imprescindible para recuperar a Ría para a súa vocación natural; mentres nós perseguimos a solución á contaminación, a creación de postos de traballo no marisqueo, na pesca de baixura e nos sectores forestal e turístico; mentres nós optamos por un modelo de desenvolvemento económico sustentábel no tempo e pola recuperación da saúde na poboación, Vds. só pensan na necesidade de solucionar o problema que se lle avexiña a ENCE polo fin da concesión administrativa en Lourizán. Por eso condicionan a saída de ENCE de Lourizán á consecución dun novo emprazamento para a empresa. Vds. buscan solucións para ENCE e nós buscamos solucións para a Ría, para a economía da comarca e para o benestar da poboación. Esa é diferenza.

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,

Asdo.: Antón Masa, presidente.